



Acordo do 20 de outubro de 2020, da Xefatura Territorial da Coruña, que sinala data para o pagamento do prezo xusto por expropiación, nos concellos de Zas, Cabana de Bergantiños e Laxe (expediente IN407A 2016/877-1).

De conformidade co disposto nos artigos 48.1 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 48.2, 49, 50 e 51 do seu Regulamento do 26 de abril de 1957, esta xefatura territorial acorda sinalar o día 15 de decembro de 2020, nas dependencias municipais do Concello de Zas, o día 16 de decembro de 2020, nas dependencias do Concello de Cabana de Bergantiños, e o día 17 de decembro de 2020 nas dependencias do Concello de Laxe, a partir das 11:00 horas, para que o pagador da entidade beneficiaria Naturgy Renovables, SLU, proceda nos lugares sinalados ao pagamento do prezo xusto e xuros, por expropiación e imposición de servidumes de paso da instalación eléctrica denominada liña de evacuación do Parque Eólico Pena Forcada – Catasol II, nos concellos de Zas, Cabana de Bergantiños e Laxe, (expediente IN407A 2016/877-1), ás persoas propostas como propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas, ás que igualmente se lles dirixirá notificación individual sinalándoselles os horarios correspondentes.

Cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación, dirixiranse ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan destas, de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa. Neste caso, igualmente, publicarase un anuncio no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 20 de outubro de 2020

Isidoro Martínez Arca

Xefe Territorial da Coruña





LISTADO DE CITACIÓNS PARA O PAGAMENTO DOS PREZOS XUSTOS POR EXPROPIACIÓN DO PROXECTO LAT PARQUE EÓLICO PENA FORCADA

PROXECTO: LAT. P.E. PENA FORCADA
EXPEDIENTE: IN407A 2016/877
CONCELLO: LAXE

FINCA	POL.	PARC.	TITULARIDADE	DATA	HORA
14	19	305	Hdros José Vázquez Pereira Rpte: José Vázquez Lavandeira	17/12/2020	11:00
15	19	322	Pose Pazos Perfecto	17/12/2020	11:30
17	19	19	Pose Pazos Perfecto	17/12/2020	11:30
18	19	20	Pose Pazos Perfecto	17/12/2020	11:30
19	11	209	Pose Pazos Perfecto	17/12/2020	11:30
50	11	142	Hdros María Lavandeira Vidal Rpte.: Jesús Vázquez Lavandeira	17/12/2020	11:15
77	12	109	Veciños de Coens	17/12/2020	11:50